

Tinta Femia de Cela

Houbo un tempo en que os viños de Cela cruzaban a ría coa proa cara Portonovo, e cumprian a misión de rega-las gorxas das consideradas terras do Salnés, productoras tamén de caldos gorentosos.

Co tempo a TINTA FEMIA foise facendo máis recatada, nada botada ós mundos de fóra, máis ben disposta para as xentes do lugar, todo o mais, dada ós forasteiros que por eses lares de Bueu chegan na busca de amistade en confraternidade.

Alguén dixo, e con razón, que quen non viñese por Bueu e non gustara dunha fritada de peixes e un TINTA FEMIA de Cela, non tiña dereito á vida, dereito si: disfrute, menos.

E foise consolidando este xeito de beber este tinto singular, curmán, se cadra ainda máis, do sonado Cabernet, que fala galego, galego siseante do Morrazo, quérese dicir, suave, lixeiro, saltadeiro, as burbuxas da súa agulla ... os propios, como recomendaba Don José María Castroviejo para acompañá-lo poltro o estilo da Illa, esa terra alén que nos orienta cada solpor.

Convencídos de que deben quedar localizados tragos gloriosos para que se cumpra un dos preceptos dos

antigos mandamentos: que viaxe o bebedor endexamáis o viño..., gardamos o TINTA FEMIA de Cela para estes cumprimentos, porque ha de haber viños para percorrer o mundo como mensaxe e comunión universal dos bens galegos, pero tamén libacións íntimas, personais, intransferibles fora do berce.

Correspóndele esta honra, e esta misión, renunciando a gloria da internacionalidade, a este viños locais, raiz e tesmuña dos valores autóctonos, gardadores dos máis íntimos e domésticos sinais de identidade.

Cecais por esta, os TINTA FEMIA de Cela bebense colectivamente entre veciños e amigos, participando todos no común reparto do carolino, un xeito de compartir entre xiaeiros.

E pois, un niño íntimo e a vez comunitario, trasegado entre os participantes de forma confiada e pracenteira. O símbolo da comunión a que nos invitan a participar, coma a calor da acollida o seu perfume floral, como fraganciosos son as paraxes desta ladeira; a súa fresca entrada, coma os brazos de camaradería; ao seu saibo longo, como as parrandas compartidas. Que é o que axuda ó TINTA FEMIA, e tamén os que estamos.